

Estimadas familias:

Transcorrida a primeira semana de confinamento e con ánimo de facer máis levadeira esta segunda que comeza hoxe, quero propoñer aos nenos/as diversas actividades para realizar e coas que poidades desfrutar mellor do tempo que pasades na casa.

O primeiro que me gustaría propoñer é a **elaboración dunha receita** pois como vos poden contar os vosos fillos/as, e para non perder o fío da clase, aos nosos amigos a hada piruleta e ao duende cascabel encántalles a cociña e son moi larpeiros.

Por iso, a miña proposta é que cada un dos nenos e nenas da clase sexa participe da elaboración dunha receita doce.

Na elaboración desta receita sería desexable que tomarades fotos do proceso , tamén podedes axudarlle a escribir os seus ingredientes, a contar as cantidades dos mesmos...

Lembrede que logo, cando poidamos incorporarnos ao colexio, cada neno/a **amosará na clase a receita** que elaborou coas fotos tomadas e nos contará como a fixo e algún dos ingredientes que utilizou. Como parece que o confinamento alargárase un pouco máis de tempo, outra maneira de compartir os nosos traballos é envíalos á miña conta de correo .

Eu encargaría-me de subilas ao blog que vos facilito para mostrar os traballos que ides facendo.

<https://aulademuna.blogspot.com/>

Gustaríame tamén mostrar varias actividades/manualidades para facer na casa dentro das posibilidades de cada un/unha e sempre a modo de xogo e divertimento. Con estas actividades pretendense tamén traballar diversos conceptos. Podedes facer algunha delas e enviarme unha foto ao meu correo.

- **Xogo de números e dado.** Na aula estamos a traballar a relación dos números cos puntíños do dado. Con esta actividade podemos traballar este concepto á vez que os nenos/as participan na elaboración do

material. Adxunto exemplo de foto e ademais un enlace no que podeades encontrar tarxetas de número e puntos

<https://www.pinterest.es/pin/620652392370225168/>



- **A contar tapóns** Seguramente que na casa tedes tapóns dos bebibles e zumes, poderedes utilizalos para contalos e dunha forma divertida traballaredes así o conteo e a asociación do número coa cantidade.



- **Xogamos a ser creativos** Encántalles experimentar cas cores así que unha boa maneira de ser creativos é pintar desta maneira, como a imaxe que vos presento. Precisamos papel film e o podemos colocar rodeando as patas dunha mesa ou unha cadeira. Cando xa o teñamos todo listo, a pintar deixando voar a vosa imaxinación!. Ou simplemente tamén valería un **debuxo libre** feito con moitas cores.



- **Xogo de laberinto** Só necesitaredes a tapa dunha caixa de zapatos e unha canica ou bola de porexpan, para marcar os camiños podedes utilizar moitos materiais (pinturas vellas, palos de madeira...,)



- **Arco da vella de cartolina.** Estes días eles poden debuxar arcos da vella para decorar a casa. Por iso, outra idea ademais da xa mostrada sería ésta traballando tamén a motricidade fina dos nenos e nenas



- **Manualidades con pedras ou pasta de modelar/plastilina**



- **Xogo de letras**

Ademais destas actividades é moi importante que sigan traballando a escritura do seu nome e poidan lembrar algúns dos nomes dos compañeiros e compañeiras . Para iso podemos ademais de escribilo, recoñecer as letras que o forman e se é preciso contar coa axuda de tarxetas co nome ou mesmo escrito por un adulto.



Non podemos esquecernos da lectura, por iso tamén recomendámosvos contos para estes días nos que traballamos conceptos que vimos no cole e tamén as emocións, tan importantes tratadas nestes días

- **Cocorico** <https://www.youtube.com/watch?v=VtyHS-t-laM> Neste enlace podedes ver ao mesmo tempo conto narrado e canción de fondo. Si vos é máis fácil, podedes quitar o són para facerlles vos mesmos a lectura.

É recomendable que vexades o conto previamente a facer a receita de cociña.

<https://www.youtube.com/watch?v=PKqdgqJU9Bw> neste outro enlace podedes escoitar só coa canción

- **“Respira”**, para traballar a relaxación cos nenos e nenas. Deixámosvos un enlace para velo na rede: <https://www.youtube.com/watch?v=ibJFHBTWBDA>

Outra actividade a facer nestes días é un **“agasallo especial”** para nosos/as compañeiros/as que fan anos nestes días. Unha idea é un debuxo, tamén,

outra idea é colorear coas pinturas de cores as letras de “Felicidades”, “tarta de cumpre”, “O número 4” etc...Seguro que vos tedes moitas e mellores ideas. O máis importante é o detalle e que sepan que lembrámonos de eles/as

No blog que vos proporciono irei colgando as datas de cumpleanos para que así podades preparar o seu “**agasallo especial**” ou incluso cantarlle o cumpleanos feliz como no cole a través dunha videochamada ou un video para colgar no blog, mandandomo a min por correo.

Ademais non podemos esquecernos de **Muna**! Seguro que nos bota moito de menos e a ela tamén lle tocou esta situación estando na casa dun dos nosos alumnos/as. Por iso tamén sería bo que mandarades debuxos para ela e incluso fotos para poder vela.

Cada semana irei aportando novas ideas actualizando o blog continuamente para que así a estancia na casa dos nenos e nenas sexa o máis amena posible e esperando que pronto poidamos estar todos xuntos na aula, estou desexando velos!

Tamén gustaríame deixar unha mesaxe de ánimo para todos/as, en especial para os meus alumnos/as aos que lles debe estar sendo difícil levar esta situación. Xa queda un pouco menos!.

Un saúdo e forte aperta para todos/as

Paula (Titora de 3 anos A)